



CONVOCATORIA DE SOLICITUDES DE CAMBIOS DE QUENDA PARA O GRAO EN DEREITO CURSO 2017-18

Segundo se aprobou pola Comisión de docencia con data 15-9-2009 e pola Comisión Permanente delegada da Xunta de Facultade con data 17-9-2009, a única vía para solicitar cambio de quenda no Grao en Dereito consiste na presentación dunha **instancia de solicitude de cambio de quenda dirixida ao Decano** no seguinte prazo: **desde o día 11 de setembro ata as 14 horas do día 15 de setembro de 2017**. Os modelos de instancia recolleranse na Conserxería e presentaranse na secretaría do Decanato.

As solicitudes de cambio de quenda serán resoltas pola Comisión de docencia e a decisión será publicada no Taboleiro de anuncios e na páxina web da Facultade antes do día 21 de setembro de 2017.

O cambio de quenda pedirase con independencia de que, durante os cursos pasados, se obtivese ou non o cambio. A Comisión de docencia só poderá admitir as solicitudes que aleguen unha causa excepcional e xustificada e, en todo caso, non se poderán conceder cambios de quenda que determinen unha perda do equilibrio de número de alumnos entre a quenda de mañá e a quenda de tarde.

A Coruña, 5 de setembro de 2017